

CASTELAO NO EXILIO

ISAAC DIAZ PARDO
Seminario de Estudos Galegos

O fin da contenda civil española, que foi o comenzo da segunda guerra mundial, esa guerra ideolóxica contra o fascismo, atopa a Castelao facendo propaganda a favor da República Española, e con máis exactitude pola causa do povo español. Sabe que "... a República do 14 de abril de 1931 morrera o 18 de xullo e que o povo hespañol non estaba loitando pola Constitución de 1931". (páx. 148, "Sempre en Galiza"). Sabe tamén que "... o goberno chamado de Unión Nacional, que contaba coa confianza dos Partidos e das Sindicaes, non sabía porque o povo colleu voluntariamente as armas, e por eso non atopou a fórmula xurídica e social da revolución en marcha". (páx. 151, "Sempre en Galiza"). O seu fervor pola causa pola que se loita na España é tan grande que en Cuba fronte ao monumental edificio do Centro Gallego de La Habana dirá que "Si fora necesario vender pedra a pedra o Centro Galego pra gañar a guerra nono dubidaría un intre".

Nunha carta do 27 de maio de 1938 que envia a Rodolfo Prada ao seu regreso da URSS dille "... dende o Golfo de Finlancia ao Mar Caspio comprobamos que a URSS está preparándose para inaugurar o feito histórico que abra unha nova época para a humanidade". Cando o Goberno da República envia a Castelao en viaxe de propaganda por América os grupos do fronte do Ebro consideran que debe ir acompañado de outro galego que poda axudalo; propóñenlle varios nomes, todos íles comunistas e Castelao elixe a Luis Soto.

E lóxico que ista embaixada de Castelao e Soto, pra facer propaganda dun pais como a España na que a República leva dous anos loitando coas armas na man contra os países feixistas, namentras os EE.UU. axudan descarada e tamén treidoramente ao réxime de Franco (pois vendían e cobraban armas á República e informaban a Franco dos barcos que as transportaban para que se fixesen con elas) puxese en garda aos seus servicios de información.

Castelao andivo sempre acompañado da súa muller Virxinia, mais dende abril do 39 andaré tamén acoñado na súa misión nos EE.UU. por Luis Soto e por unha rapaza moi nova e moi fermosa, que lle puxeron como secretaria e intérprete os galegos de New York.

"Perdimos a guerra civil, ou perdéronala e o detino non me deixou asistir ao derradeiro lance da traxedia hespañola, o máis terrible de todos (páx. 140. "Sempre en Galiza"). "Esvaéronse, pois, as esperanzas e ilusións que me obrigaban a escribir un libro adicado aos galegos leaes cando a República estaba en pé e cando confiabamos no entendemento duns homes que se puxeron á cabeza do

povo máis heroico e máis revolucionario do mundo". (páx. 141, "Sempre en Galiza").

Este ano de 1939 debeu ser o máis dramático da súa vida de acordo co que refire nas cartas da época: "... as carraxes, as tristuras, as preocupacións..." as dificultades de aprender inglés nesta situación e cos seus 54 anos, "... esgotándose as (suas) posibilidades de atopar traballo remunerado...". Vive "... cunha modestia absoluta e (vai) esgotando so derradeiros recursos que (tiña)". Falou con moita xente e deica ise intre que escribe non "... atopou maneira de se defender economicamente". A súa "... situación de ilegalidade (privao) de ir lavar pratos a un restaurant, porque necesita entrar nunha *Unión* e non (pode) entrar sin estar (alí) legalmente...". "... esta inseguridade, este agotamento dos nervios, estas noites sen dormir a forza de matinar, esto de andar visitando xente e sufrir cada día unha nova decepción...". "... a pobreza en que vivo non me desacouga se tivese a certeza de que podía durar máis dun ano".

Un dos homes máis importantes do noso tempo, o galego máis importante que deu iste século, o home que millor soupo conectar co seu povo loitando contra o caciquismo, contra todo tipo de inxustiza e de ruindade humán, sin perder en ningún intre o seu finísimo humor, o sorriso dos seus finos beizos, o home que non había perdido estas virtudes cando xa tiña a morte a dous pasos agora en Norteamérica, derrotada a República, treizoada a causa da libertade polas democracias, especialmente por ista na que está vivindo, e que o está expulsando do seu seo, e outras moitas decepcións que foi vivindo convertiron o seu ánimo nunha completa desolación.

A súa obra plástica e literaria comprometida até os osos coa causa de Galiza e do seu povo, e coas causas xustas de todos os povos, non só non interesa nos EE.UU. senón que máis ben o delataban como un nemigo social de aquel pais. Nesta situación non pensa máis que en se reunir cos seus millores amigos que etán polo Rio de la Plata: Blanco Amor, Seoane, Colmeiro, Dieste, Núñez Búa, Cuadrado, Prada e Cía, como reza a adicatoria da coñecida postal datada en New York o 19-IV-1940.

Pídelle axuda insistente ao seu amigo Rodolfo Prada para que consiga a súa entrada na República Argentina. Son moitos os galegos e amigos siñificados que están alí que xustifican o seu desexo mais tamén están os relembrs da súa infancia na Pampa argentina. E ofrece todo o que il pode ofrecer pra que o reciban. Si no Centro Gallego atopase acomodo faría na Argentina o que non pode facer nos EE.UU. "Teño moitas cousas para facer". "Estrenaría unha obra en tres actos de teatro novo, que cecais fose un éisito de sorpresa. Teño o libro de cruces de pedra".

Suponse que é cando remata a guerra civil cando Castelao realiza as "Estampas de Negros", que aliviarían o seu desespero. Aínda que sábese que algunhas desas estampas foron iniciadas en Cuba, por ista época é cando o nomean Presidente Honorario da Federación Mundial de Sociedades Negras.

Por fin logo de moito loitar Castelao e Virxinia embarcan en xullo de 1940 no vapor *Argentina*, a bordo do que escribe: "Hai tres días que deixei Nova York e vou cara o sul ao encontro da Galiza ideal, que é a millor Patria que hoxe se me

pode ofrecer. Hai tres días que lle dixen adeus á estatua da Liberdade. Alá ficou a vella Matrona co "Ice creen cone" na man e ogallá que algún día poda vela con máis simpatía" (páx. 227, "Sempre en Galiza"). Mais iste rencor que sinte cara á democracia norteamericana non lle impide recoñecer "... que a salvación pode vir das dúas inmensas federacións antípodas i enlazadas pol-a e pura neve do Norte", (e dicer os EE.UU. e a URSS, como así foi), o que manifesta na mesma páxina do seu "Sempre en Galiza".

Denantes de seguir polos pasos dados por Castelao no exilio compre rexistrar as caras visibles dun feito curioso que aínda non está ben investigado. María Docampo, a secretaria intérprete que os galegos de New York lle puxeran a Castelao, desapareceu ao pouco tempo de rematar a guerra civil na España, sin deixar rastro, sin que ninguén poidese dar conta de ela, nin a súa familia. María Docampo nacera en 1918 en Brooklin nun fogar de emigrantes galegos procedentes de Arillo (Oleiros-A Coruña). En 1948 María Docampo foi asesinada na súa casa paterna de Arillo por José García Peña, un mexicano de Jalisco, ao que, a dar por boas as novas dos xornais atopábase unida en matrimonio. Ademáis de María Docampo caían baixo o coitelo de "Jalisco" -como popularmente rematóuselle por chamar ao autor do triple crime de Arillo- a irmá de María, Encarnación, e María Ramos, nai de ambalas dúas. O "Jalisco" estivo doce anos na cadea. No proceso, según pasou á prensa, algúns o teñen defendido, ademáis do seu avogado, atacando ás vítimas como nemigas do franquismo e colaboradoras dos "roxos" españois de New York. Din que o "Jalisco" foi excarceado ilegalmente incumplindo a cláusula de perigosidade que lle tiñan aplicado. Na cadea da Coruña recibía toda clas de atencións por parte de certos elementos do réxime e din que o cura de Meirás axudouno canto poido. O "Jalisco" voltou a unirse a outra muller e en 1976 voltou a matar a esa muller e a unha filla, en Canarias, onde morreu no cárcere dunha sobredosis de fármacos en 1979.

Cando en 1968, Virxinia, a viúva de Castelao, voltou a España logo do seu exilio, parou unha temporada na nosa casa do Castro de Samoedo, un día acompañámola a levar unhas flores e rezar un *padrenoso* na campa de María Docampo no cimiterio de Arillo. Virxinia fíxonos moitas gabanzas dela. Estáballe moi agradecida polo moito que a tiña acompañado en New York, pois foi practicamente a ela a quen serviu e non ao seu home. O triple crime de Arillo soara en todo o mundo e Virxinia, que sabía até onde estaba enterrada, atribuí a súa desaparición en New York a se haber fugado con algún home. Mais Emilio González López contounos hai uns anos que a pouco tempo de que os Castelao se foron de New York el tivo que facer unha viaxe a un país centro-amerián no que atopou a María Docampo cunha persoa que el coñecía como axente dos Servicios Especiais de Información (o que logo veu ser a CIA). González López supón que non ben chegou Castelao aos EE.UU. puñéronlle un axente de información pra o vixiar na figura de María Docampo.

Os familiares de María Docampo que fican en Arillo -xa segundas xeneracións- coidan que ela lle dicía a seus pais que traballaba nun Banco de New York (o que de por si contradice que poidese gastar o seu tempo como secretaria e in-

térprete de Castelao). Emilio González López, que estuda xuntó a Amado Ricón a Castelao en Norteamérica, está investigando encol de María Docampo. Sabe que non era unha persona calquera e atopou a súa firma como secretaria do Comité Antifranquista. E unha parenta de María Docampo que vive na Coruña (Elvira Varela de Kres, filla de Benigno Varela, un dos fundadores das Irmandades da Fala) tivo moita relación con María xustamente denantes de ser asesinada. Sabe que María tivo un cargo moi importante no F.B.I. durante a segunda guerra mundial e dispuña de escolta policial permanente. Sabe tamén que María conservaba con moito cariño un dibuxo que lle adicara Castelao, e de que cando se enterou de que o "Jalisco" viña a por ela amosouse desesperada como agardando algo malo sin saber como había podido entrar aquel home na súa vida. Por todo isto, que xa se sabe, era conveniente profundizar na investigación deste feito e saber que clas de axente, condicionado ou non, era o "Jalisco", pois ben poidera ser outra cousa que non crime pasional, que se nos quixo facer ver, a costa da honestidade de María Docampo, coma un arrebatado de celos do "Jalisco".

Por fin o "Argentina", o vapor no que vai Castelao ao sur, chega a Montevideo o 15 de xullo de 1940 onde unha nutrida representación da colectividade faille un importante agasallo no que se xuntan logo de 25 anos os redactores de "El Barbero Municipal": Castelao, Rey Baltar e Eduardo Dieste. Outro recibemento multitudinario fanlle ao día seguinte en Buenos Aires.

Dende que chega á República Argentina a súa actividade xa non cesará. En agosto xa está pronunciando unha lección maxistral no Colegio Libre de Estudios Superiores encol de "Galicia y Valle-Inclán". O Centro Gallego sirveu de trámite para a súa radicación, mais non é por ahí por onde se vai defender. Aínda non se estudaron as razóns que intermediaron pra que o Centro Galego non axudara a Castelao. Son os seus vellos amigos os que lle van botar unha man. Núñez Búa o levará á súa casa de Pergamino e alí lle organizará un homenaxe na chacra de Doña Eladía Barbazán, unha vella padronesa, que nos seus tempos mozos coñecera a Rosalía de Castro. En varios rexistros gráficos desta festa aparece tamén ao seu lado Elpidio Villaverde.

Do ano 40 son as ilustracións do libro "Jacobusland" de Emilio Pita a quen escribe dándolle conta de que "Ya tengo una manera de vivir decentemente. Atlántida me da a ilustrar un libro cada mes". Na editorial Atlántida traballan varios exiliados españoles. Un diles, Rafael Dieste, será quen lle fará suxestión ao Director para que invite a Castelao a colabourar, máis Castelao xamais se chegaría a enterar de que foi o eu paisano rianxeiro quen lle tendeu unha man. Diste traballo son media ducia de libros da colección Billiken nos que as tapas e as ilustracións internas pertencenlle a Castelao. Algúns dos textos son doutro exilado galego, Otero Espasandín. Ao final deste ano, xunto con Colmeiro, Seoane, Villaverde e Federico Rivas, pinta un mural nun restaurante da Avenida de Mayo, "La Casa de la Troya" hoxe desaparecido.

No ano 41 dibuxa a lápiz chumbo, a serie de cinco cegos, catro de iles hoxe no Museo de Pontevedra e un no Centro Gallego de Buenos Aires. Este mesmo ano estrena a súa obra "Os Vellos non Deben de Namorarse, montada pola com-

pañía Maruja Villanueva", que dirixía Varela Buxán e na que traballaba Fernando Iglesias, "Tacholas".

En 1942 empezan a chegar novas da Europa (a cabeza do exército alemán cortada desángrase no Volga) e renasce a confianza no porvir político de Castela. Empeza a recibir apoio colectivo de galeguistas exilados e emigrantes para que poda facer a labor política que corresponde facer nese intre pola causa da democracia en Galiza e na España. Son exilados e emigrantes da Argentina e do Uruguay quenes aportan a axuda, e é o meirense Xosé B. Abreira o encargado de recoller mes por mes aos Castela. Manuel Puente, un ponteareán moi rico, banqueiro e moitas cousas máis, gran patriota galego que estivo con todo o seu poder ao lado da República, merca un piso perto do lugar onde operaba Castela, Centros Gallegos e Ourensán, na Avda. Belgrano e o pon á disposición da familia Castela.

Creáse "Irmandade Galega" na que se agrupan as distintas faccións do galeguismo, e comenza a publicar no voceiro "A Nosa Terra" como unha continuación da revista que saíra en Galiza deica o ano 36. Nos anos 42 e 43 Castela é a cabeza dunha intensa campaña de politización das sociedades galegas e do entendemento con catalás e vascos, namentras ten no tear o seu libro "Sempre en Galiza". Medra o entusiasmo ante a derrota dos rexímenes fascistas coa perspectiva da recuperación das liberdades na España. Mais a medida que medra esa esperanza na Argentina aparece un nacionalismo peronista que na posguerra estará axudando e aliándose con Franco. Por esta razón non se pode celebrar na Argentina unha gran concentración republicana que ten lugar no Estadio Centenario de Montevideo na que, cun auditorio de máis de 50.000 personas, conmemorando o 12 aniversario da proclamación da República Española celebrouse un mitín no que interveu o líder uruguayo Batlle Berres, Castela, General Miaja e o Pte. da República no exilo Martínez Barrios.

En 1944 Castela presenta o seu libro fundamental "Sempre en Galiza". Máis tarde amigos moi responsabeis dirán deste libro, sin lle negar a merecida transcendencia acadada, que nel está atemperado o radicalismo natural de Castela influido polas personas que máis axudaron a soste ao matrimonio. Iste atemperamento pódose producir por autocensura. Ao mesmo Castela resultarlle molesto atacar ao capitalismo cando en certa maneira estaba vivindo coa axuda dun banqueiro. Mais non debe desestimarse a capacidade política de Castela que observa as circunstancias que van condicionar á península Ibérica cando finalice a contenda e as cousas tomen o camiño que politicamente conviría seguir. Señ por unhas ou por outras razóns o atemperamento nótase. Por exemplo: os capítulos "Clericalismo", "Militarismo" e "Semifeudalismo" están recortados dende a primeira vez que se publicaron en Barcelona, cando o último chámase "Capitalismo" e non "Semifeudalismo".

O 2 de xullo dese ano celébrase un banquete extraordinario (o núm. 429 de "A Nosa Terra" de 25-7-44 da a cifra de 1.500 comensais que representaban a 300.000 galegos e republicáns de outras rexións radicados nas ribeiras do Río de la Plata). celébrase a saída do "Sempre en Galiza" para apoiar a criazón dun "Consello de Galiza" no exilio, con Castela como Presidente. E acó onde Castela

contesta co seu célebre discurso no que ao mesmo tempo de precisar a función que para el tivo a arte, responde ás presións de certos elementos que vian o galeguismo dende un punto de vista "cultural", que era o único que, aínda con moitas dificultades, se podía facer na metrópolis, é dicer un galeguismo histórico e culturalista, tentando de apartalo da súa vocación política. Transcribo samente iste párrafo do seu discurso co desexo de que se deixe falar a il, como era e como il quería ser, e se deixen de facer interpretacións interesadas do seu pensamento:

"... despues de treinta años, treinta años de meditación y de experiencia, me atreví a publicar un libro en el que trato de elevar a la categoría de idea lo que en el álbum "Nós" era puro sentimiento, y al ver que mis razones conmueven la conciencia gallega, entonces se exalta mi personalidad artística, exagerándola, con el piadoso fin de desvalorizar mi ideología política. Claro está que yo no he sido nunca un político profesional. La política no ha sido nunca mi profesión, pero sí mi vocación, la vocación de toda mi vida. Comparad el sentimiento gallego de mis primeros dibujos con la idea galleguista de mi reciente libro y vereis que son una misma cosa, y vereis que yo he sabido conservarme idéntico a mí mismo y que mi vida moral y política es una línea recta como la franja azul de vuestra bandera. Yo no he cultivado jamás el arte por el arte. El arte para mí no ha sido más que un elemento, un recurso, un medio de expresión, y con el lápiz o la pluma sólo he querido ser un intérprete fiel de mi pueblo, de sus dolores y de sus esperanzas. Dibujé siempre en gallego; escribí siempre en gallego; y si sacais lo que hay de gallego y de humano en mi obra no quedaría nada de ella. Es verdad que yo he ganado un cierto renombre como artista, sin procurarlo; pero eso no quiere decir que yo sea un gran técnico del arte o que yo hubiera producido alguna obra magistral, extraordinaria, de esas que van a parar a los panteones del arte. No. De mis manos han salido muchas obras, muchísimas; pero todas ellas son de papel, pequeñas, perecederas, insignificantes, de una pobreza franciscana, si quereis, pero tienen algo, tienen calor de vida y están cargadas de humanidad y ese es su único mérito, un mérito impagable, que no es mío. El lápiz y pluma fueron mis únicas herramientas, un pedazo de papel me basta como material, y con tan pobres elementos yo he podido expresar la grandeza de mis ideas y sentimientos. Y digo grandeza porque no son ideas y sentimientos míos, egoístas, sino ideas y sentimientos de un pueblo cansado de sufrir. Trabajé toda mi vida para convertir el sentimiento gallego en idea y ahora sigo trabajando para convertir la idea en hecho histórico, y todo podrá ocurrir, todo, menos una cosa: que yo traicione la razón de mi vida y la confianza que mis hermanos depositan en mí".

O 15 de novembro constitúese privadamente o "Consello de Galiza" na casa de Manuel Puente, dadas as especiais circunstancias políticas polas que atravesaba a Argentina, facendo figurar a Acta como firmada en Montevideo. Nela aparecen as firmas de catro deputados representantes do pobo galego eleixidos o 16 de febreiro de 1936. Asisten á firma representantes dos gobernos vasco e catalán. O acto público ten lugar en Montevideo o 28 de xuño de 1945. Nalgún dos actos Castelao foi recibido con honras de Xefe de Estado polo Presidente uruguayo Juan José Amezaga. Naquel intre parecía que o sistema franquista tiña os seus días contados. O Dr. Amezaga, coma todos, non podía supor que o réxime franquista aínda iba a sobrevivir outros trinta anos, amordazando os povos ibéricos, apuntalado polos EE.UU.

Castelado pediu consello a Luis Tobio encol da formación do Consello de Galiza, e pódese dicir que foi Tobio quen ideou o seu artellamento xurídico. O Consello nomeou representantes a Luis Tobio en Montevideo, a Celso Garrido en Santiago de Chile, a Juan José López Durá e a Carlos Velo no México, a Xerardo Alvarez Gallego na Habana e a Cesar Alvajar en París. De Galiza recibeu o apoio do que fora secretario do Partido Galeguista o arquitecto Gómez Román, dende Francia chegoulle o apoio de Portela Valladares e dende os EE.UU. o alento de González López. Mais tamén chegaban a Buenos Aires voces querendo apartar a Castelao da política e negando a representación ao Consello de Galiza. O Consello actuaba en fideicomiso como unha institución formada por deputados galegos elixidos polo pobo galego na derradeira ocasión que tivera de se manifestar libremente, polo que legalmente ficaba en poder da única representación posible, namentras quenes contradecían a Castelao non tiñan representación algunha.

Castelao di no núm. 436 de "A Nosa Terra" de marzo de 1945:

"O Consello de Galiza exercita un dereito indisputable e un deber ineludible. Pero non é propiamente un goberno formado no estranxeiro para chegar a Galiza dispois da liberación e sentarse na cabeceira da mesa servida. Eso, non. Alá están os que deben ocupar todolos postos de honor e nós soio aspiramos a merecer a súa confianza e representación no esilio, para non ser repatriados como cadavres políticos." / "Esto dixemos dispois de medir, a conciencia, o significado de cada verba. Pero aquel tópico non foi ben comprendido e xa chegou a hora de que sexa explicado." / "Nin usurpamos os postos de ninguén nin a nosa bandeira lle foi arrebatada das mans a ninguén. Claro está que calquer galego ten tanto dereito como nós a defender a persoalidade de Galiza, e por eso mesmo a nosa decisión está fora de toda disputa. Outra cousa é o deber ineludible que pesaba sobor das nosas conciencias, porque éramos, e aínda somos, mandatarios políticos do pobo galego e por ende depositarios da súa derradeira expresión de vontade. Esta pesada obriga acada por igual a todos cantos fomos elixidos polo pobo galego nas derradeiras eleccións xerais e auspiciamos a xornada plebiscitaria do día 28 de xuño de 1936. Por eso dixemos que o Consello de Galiza exercita un dereito indisputable e un deber ineludible." / "O pobo galego vive espranzado e máis disposto que nunca a defender a súa personalidade, en alianza cos demais povos da Hespaña. Está asoballado e tullido para expresar libremente os seus anxeios de restauración democrática, de autodeterminación política e de unión federativa; pero está orgaizado e preparado para superar as obscuridades do tránsito... En nome da Xunta Galega falará o Consello de Galiza, e agardamos que os republicanos seipan estimar a nosa representación porque doutro modo lamentariamos, non por nós, senón pol-o que eles aínda poden representar".

"Nós estamos dispostos a integrar, como membros de Galeuzca, a unión concertada de todol-os grupos democráticos hespañoles, para reflexar no esilio a opinión dos elementos residentes no interior. Desexamos vivamente a concordancia de todos e rogámoslle que abran os ollos e contemplan as realidades que esta hora nos brinda."

A acta fundacional do Consello de Galiza está firmada polos deputados a Cortes Alfonso Rodríguez Castelao, Antón Alonso Ríos, Elpidio Villaverde Rey e Ramón Suárez Picallo. Nela recóllese; "... como primeira medida acordou por unanimidade dos Conselleiros e unánime consenso dos grupos orgaizados, conferir a Presidencia do Consello de Galiza e Alfonso Rodríguez Castelao, que fica

autorizado dende este intre pra levar as negociacións de alianza cos Presidentes de Euzkadi e Cataluña, a fin de que Galiza entre, con propia personalidade e triple forza, nunha concordía xeral hespañola, capaz de derrubar ó réxime franquista e restablecer a liberdade na Hespaña".

O Consello de Galiza sirveu de base ás actividades políticas que eran posibles naquel tempo dende a Argentina. Aínda así no ano 1945 fúndase "Galeuzca" editada en Buenos Aires por un organismo constituído por Ramón María Aldasoro, por Euzkadi, Manuel Serra Moret, por Cataluña, e Castelao, por Galiza. No outono hai unha declaración a "Galeuzca" dende París que firman Castelao, como Presidente do Consello de Galiza, Aguirre, como Presidente do Goberno vasco, e Pi Sunyer, como *President del Consell Nacionall de Catalunya*. Os derradeiros tres meses diste ano os pasa Castelao entre New York, La Habana, Río de Janeiro e México. Nesta última capital representa a Galiza nas Cortes Republicanas. Alí recibe o apoio do deputado socialista galego Edmundo Lorenzo, e o Consello de Galiza adquire a representación necesaria. "E por resultas de esto eu veño a ser Ministro do Goberno que presidía Giral", di Castelao na páxina 476 do "Sempre en Galiza". Cando volve a Buenos Aires en xaneiro de 1946 ten pouco tempo pra descansar, pois no marzo xa estará viaxando a París a representar a Galiza como Ministro no Goberno da República Española no exilio, e cando volve a Buenos Aires en xullo de 1947 xa ven ferido polo cancro e polo desespero de se ver treizoado por tantas cousas, dende a traición ao povo español que lle fixeron as democracias, a ise povo que fora o primeiro en resistir en armas ao feixismo durante tres anos e que seguiu loitando a carón de elas polos campos de Europa, tamén polo desentendemento entre as forzas da diáspora, e non menos pola falla de resposta política dentro de Galiza. Remítome pra afirmar isto ás cartas de Castelao ao seu curmán Alfredo Somoza que aporta Carlos Sixirei no libro que lle adica a iste membro do Consello de Galiza e deputado a Cortes por *Izquierda Republicana*.

E enormemente curioso que a Autoomía de Galiza que nos concederon a partires do ano 80, no se referise en ningún intre ao Consello de Galiza, nin ao pensamento político de Castelao. Mais ben semella que os homes dista Autoomía fixeron esforzos e filigranas para ocultar as duas cousas, namentras estiveron practicando o oportunismo de utilizar a sona inmensa de Castelao dando e recibendo medaias no seu nome. Algún día isto terá que ter algunha explicación, non para golpear a alguén senón pra deixar a historia no sitio que lle corresponde. A vida de Castelao e o seu estado de ánimo en París poden seguirse pola correspondencia desta época, que non é escasa, que unhas veces está dirixida aos seus amigos de Buenos Aires, e outras, en clave, ás forzas opositoras do interior de Galiza. Nos primeiros tempos da súa chegada a París ten a esperanza de resolver algo que poda orgaizar as forzas que deberán rematar co feixismo na España. Rexeita con enerxía actitudes confusas e claudicantes que tentan aconsellalo dende o interior. Nunha disas cartas rexistra doorado o encadeamento de Ramón Piñeiro, quen debeu "... esperar por min aquí..." é non regresar á España onde había que prever "... que lle iba a pasar o que lle está pasando". Castelao sospeita que xentes que se fan pasar por moio de esquerda están infiltradas nos circulos dos exilados en París. (E

que estas cousas eran así como o sospeitaba Castelaio hai uns cantos que temos boas probas de elo, é que abren a nosa imaxinación coa desconfianza de que moitas actitudes ultrasquerdistas de hoxe dándose a man cos ultrareaccionarios, responden non ao gilipollismo duns cantos senon a unha venda programada dun servicio que se presta a un plan pra rematar con esta democracia lene que temos mais na que algunhas cousas estanse comenzando a dicir). Nas cartas ao seu curmán Somoza voltará a estas sospeitas con nomes e apelidos. Mais cando regresa a Buenos Aires logo do fracaso do Goberno Giral, Castelaio non pode disimular a súa tristura por todo o que está vendo, e vai "... enfermo, canso... incluso de vivir". Acaban de pasar il e Virxinia o ano máis duro do seu desterro. Na Europa hai fame e frío; falla todo. A fame e o frío asulagaron moitos ideais que agromaron denentes das guerras contra as reaccións feixistas. Cando o barco pasa por Gibraltar escribe a Otero Pedrayo a Buenos Aires, con quen se vai a atopar cando chegue. Iste reencontro co vello amigo será un gran gozo, mais non pode ocultar o seu pesimismo que xa se facía evidente en testemuñas súas do ano 36 nas que mostra a súa convicción de que as esquerdas perderán "... as esquerdas perderemos...", e il non voltará a ver nin á súa mai nin á súa Terra, porque il seguirá a loitar até o final calquera que seña a sorte, pois ise é o seu destiño ao que quere ser leal.

En 1948 Castelaio está xa ferido de morte, "...O peteiro do corvo..." xa nono abandoará, mais en ningún intre deica a súa morte deixou de defender a Galiza e á diñidade dos galegos atacando as deslealtades que se lle facían evidentes. O ano anterior había subido á presidencia do Centro Gallego José Villamarín, tío de Villamarín Prieto (un dos irmáns Villamarín Prieto, Benito, deu o seu nome a un complexo deportivo en Sevilla e outro, tamén José, exerceu de presidente no Centro Gallego durante doce anos deica o ano 66). José Villamarín, tío, que iba a ser o presidente do Centro Gallego a quen correspondería enterrar a Castelaio ano e medio máis tarde, cometera iste ano a veleidade de recibir no Centro ao Embaixador da España. E veleiqui un párrafo dunha das longas respostas que da Castelaio nunha das entrevistas que lle fan con iste motivo;

"No conozco al Sr. de Areilza, Embajador de la España franquista; pero me han dicho que sus paisanos le llaman "Barlovento" en premio de sus listezas. Me parece, pues, muy natural que ansé penetrar en el Centro Gallego para acreditarse de listo ante su gobierno. He de decir que agradeceríamos el discurso que pronunció para los gallegos de Buenos Aires, en el que se reconoce la dualidad Galicia/España y otras lindezas de nuestro paladar, si en sus bellas palabras no se ocultase un anzuelo./ No hay para que declarar como lamentamos la recepción del Sr. de Areilza en el Centro Gallego, debido a un abuso de autoridad del Presidente Sr. Villamarín, no a la decadencia del republicanismo gallego./ Un cura de Galicia, tenido por infeliz, sabía predicarle a sus feligreses: "Dios condena el odio entre hermanos y no veo porque ha de haber izquierdas y derechas en nuestra parroquia. Hagámonos todos de la derecha, hijos míos". Pues algo así como este cura es el infeliz Villamarín, pero más seductor... El actual Presidente del Centro Gallego se parece además al boticario de la "Verbena de la Paloma", y claro está que le gustaría salir de ganchete con una morena y una rubia o con el Sr. de Areilza y yo, pongo por caso de colores contrarios. Este Don Hilarión es tan irresistible que mezcla el agua

con el aceite con solo mirarlos. Cultiva el arte de seducir a sus interlocutores y por eso se titula republicano o monárquico, federal o unitario, regionalista o centralista, según convenga".

Iste ano de 1948 aínda ten forzas para escribir longas cartas ao seu curmán Alfredo Somoza, quen, dimpois de vivir agachado máis de once anos por desváns e escondrixos da Coruña logrou fuxir nun barco a Francia e dende ela pasar ao Uruguay pra se asentarse alí, pois polo seu carácter de fuxido do franquismo e sin permiso de radicación podería ser devolto polo réxime de Perón á España pra lle proporcionar unha nova vítima ao réxime. Somoza, primer presidente da Diputación coruñesa cando adven a República, era Diputado a Cortes por *Izquierda Republicana* e Castelao explícalle minuciosamente a situación dos exilados e o integra no Consello de Galiza. Son curiosísimas estas cartas que revelan o drama e a lealtade deste home nos derradeiros meses da súa vida. Remítome novamente aos documentos que aporta Carlos Sixrei no seu libro sobor de Alfredo Somoza.

No funeral cívico de Bóveda, que se celebra iste mesmo ano no Centro Ourenseño, entre outras cousas moi importantes di: "Imaginad una asamblea de los mártires gallegos en grupos presididos por Quintanilla (socialista), Benigno Varela (comunista), Miñones (republicano) y Villaverde (anarquista), y no es difícil calcular que ellos aceptarían que Bóveda fuese nombrado por nosotros como el protomártir. Imaginad el retorno a la legalidad cuando brille el sol de la libertad en Galicia y el pueblo gallego se sienta confortado por el calor de la justicia, y entonces vereis que el nombre de Bóveda será nuestra bandera".

En 1949 Castelao xa é un enfermo sin solución. O 28 de xuño envía dende o leito, como Presidente do Consello de Galiza, unha mensaxe na que tenta agachar o seu cercano fin, e ataca aos inimigos de Galiza e da liberdade aos que tilda de "monifates e alacrás". Ao fin iste mesmo ano entra no prelo a súa vella e monumental obra "As Cruces de Pedra na Galiza", da que uns cen primeiros pliegos lo-grou firmar denantes de morrer.

Cando morre o 7 de xaneiro de 1950 o seu cadavre é embalsamado polo seu compañeiro de exilio o Dr. Gumersindo Sánchez Guisande, ex-Decano da Facultade de Menciña de Zaragoza, e o seu fillo Wenceslao. Non se coñeceu un enterro con tanta xente e con tanta door. Houbo oracións fúnebres do Presidente do Centro Gallego José Villamarín (a quen Castelao fustigara as súas veleidades co Embaixador franquista); de Joan Llorens, do *Consell de la Comunitat de Catalunya*; de Pedro Basaldúa, do Goberno Vasco; de Gumersindo Sánchez Guisande, que ostentou a representación do Goberno da República no exilio; de Eduardo Blanco Amor, en representación da colectividade galega na Argentina; de Pedro F. Prado, en representación da colectividade galega do Uruguay; e de Antón Alonso Ríos, en nome do Consello de Galiza. A impresión que produxo na colectividade debeu ser tan forte que as autoridades que se sucederon no Centro Gallego abandonaron toda veleidade de trato coa Embaixada franquista. Tiveron que pasar 17 anos para que nunhas eleccións tramposas escalara a presidencia un lamentable coqueteador da Embaixada de Franco, á quen abriu as portas do Centro

Gallego, e a quen botaran denantes de mediar o seu mandato, cousa que non había ocorrido xamáis no Centro.

Máis dunha vegada escoitamos comparar a Castelao con Rosalía de Castro no senso de que ámbolos dous fixeron, dende as disciplinas de cada un, un enfoque semellante de Galiza e do drama do seu povo. Coido que isto é certo. Mais Castelao, ademáis de isto, foi un político que utilizaba en favor da súa vocación política os planos que o identificaban con Rosalía. Rosalía pode estar con toda xustiza nos altares. Ninguén a vai discutir e si todos van a venerala. Ela é xa a historia mesma, incluso o franquismo a respetou e a asumiu en certo modo. Mais Castelao aínda está vivo, pelexando con nós, ou nós acaron de il, polos vieiros da vida, polas rúas, polas estradas, polas congostras... porque os seus inimigos, que son tamén os de Galiza, aínda están vivos, algúns agachados e os máis disfrazados. O feito de que se discuta e nos estemos pelexando pola interpretación do pensamento de Castelao, do seu significado, e aínda pretendamos apropiarnos da súa imaxe, incluso os seus inimigos, é unha proba de que Castelao non está morto, que é un suxeto que aínda nos ten que axudar, sinon a desterrar (porque él sabía que non se poden desterrar as cousas que acadaron vida) polo menos a reducir a presión nefasta do caciquismo na Galiza. Castelao non está como para que o metan nun panteón como un santo, para veneralo, facerlle misas todos os anos e poñerlle coroas de froes, senon pra servir de mito dunha revolución pendente e necesaria para Galiza da "revolución en marcha" da que il falaba, porque "os tempos aínda non, non son chegados", como di un poeta diste tempo, contradecendo a outro poeta, mais antergo, que tiña máis esperanza.